

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 28 de agosto de 2017 pola que se resolve a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Mediante a Orde do 4 de maio de 2017 (DOG núm. 97, do 23 de maio), a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza convocou unha liña de subvencións para o ano 2017, que establecía as bases reguladoras para a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, aos concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos de equipamentos de emerxencias, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Vista a proposta de resolución da comisión avaliadora, en aplicación dos artigos 8, 9 e 10 da referida orde,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar con cargo á aplicación 05.25.212A.624.0, código de proxecto 2016 00026, programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixo 5, tema prioritario 5.2 Fomento do investimento para facer fronte aos riscos específicos, garantindo unha resiliencia fronte a catástrofes, co desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes, os equipamentos de emerxencia relacionados no anexo.

Segundo. Establecer unha lista de reserva conformada por todos os solicitantes admitidos co fin de redistribuír material non adxudicado, por posible renuncia dalgún beneficiario ou a adquisición de máis material, que será elevada posteriormente ao órgano competente para resolver. Na repartición deste material terase en conta a puntuación total acadada por cada entidade e a non obtención de equipamento da mesma especie na primeira adxudicación, en todo caso, esta segunda asignación non afectará a distribución inicial do equipamento entre as entidades solicitantes.

Terceiro. De conformidade co disposto no artigo 11.e) da Orde do 4 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano



2017 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, o/a alcalde/sa do concello, presidente/a da mancomunidade ou representante da agrupación de concellos, ao cal se lle conceda o equipamento solicitado, disporá dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir da recepción da comunicación individual da resolución favorable, para a súa aceptación ou renuncia.

Unha vez manifestada por parte da entidade beneficiaria a aceptación da subvención en especie concedida nesta resolución, a acta de cesión do equipamento concedido realizarase no prazo estimado de tres meses contados desde a data de recepción daquela, non obstante, este prazo podería verse incrementado en función dos prazos de entrega do equipamento previstos nos correspondentes contratos derivados do procedemento para a contratación da subministración de equipamento para as emerxencias destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes que teñan agrupación de voluntarios de protección civil, expediente de contratación número 2017-SUEI 01-02-03-04-EM (número de referencia contable 2017-05-340), procedemento aberto e tramitación ordinaria, por importe de 847.300 euros (IVA incluído), publicado no DOUE do 14 de abril de 2017.

Cuarto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
P.D. (disposición derradeira cuarta da Orde do 4.5.2017)
Luis Menor Pérez
Director xeral de Emerxencias e Interior

ANEXO

NIF	Concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos	Provincia	Equipamento adxudicado
P1501100J	Boiro	CO	Baúl
P1501500A	Cabanas	CO	Remolque de emerxencias



NIF	Concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos	Provincia	Equipamento adxudicado
P1501900C	Carballo	CO	Baúl
P1502800D	Corcubión	CO	Todoterreo pick-up
P1502900B	Coristanco	CO	Todoterreo pick-up
P1504600F	Mazaricos	CO	Todoterreo pick-up
P1504900J	Miño	CO	Remolque de emerxencias
P1505200D	Mugardos	CO	Embarcación
P1505600E	Neda	CO	Todoterreo pick-up
P1505900I	Oleiros	CO	Baúl
P1506000G	Ordes e Frades, agrupación de concellos	CO	Todoterreo pick-up
P1506300A	Outes	CO	Embarcación
P1507000F	Pontedeume	CO	Embarcación
P1507200B	Porto do Son	CO	Baúl
P1507300J	Rianxo	CO	Baúl
P1507400H	Ribeira	CO	Baúl
P2701600E	Chantada	LU	Remolque de emerxencias
P2702900H	Meira	LU	Todoterreo pick-up
P2703100D	Monforte de Lemos	LU	Remolque de emerxencias
P2703800I	Ouro	LU	Remolque de emerxencias
P2704900F	Portomarín	LU	Remolque de emerxencias
P2705200J	Ribas de Sil	LU	Todoterreo pick-up
P2705700I	Sarria	LU	Remolque de emerxencias
P2706700H	Viveiro	LU	Baúl
P3202900A	Cualedro e Monterrei, agrupación de concellos	OU	Remolque de emerxencias
P8202502D	Mancomunidade Terras de Celanova	OU	Todoterreo pick-up
P3204900I	Mezquita, A	OU	Remolque de emerxencias
P3205300A	Nogueira de Ramuín e Xunqueira de Espadanedo, agrupación de concellos	OU	Remolque de emerxencias
P3206800I	Rairiz de Veiga	OU	Remolque de emerxencias
P3208200J	Toén	OU	Remolque de emerxencias
P3208400F	Veiga, A	OU	Embarcación
P3600500G	Caldas de Reis	PO	Remolque de emerxencias
P3600800A	Cangas	PO	Embarcación
P3600048G	Cerdedo-Cotobade	PO	Todoterreo pick-up



NIF	Concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos	Provincia	Equipamento adxudicado
P3601500F	Cuntis	PO	Remolque de emerxencias
P3602500E	A Lama, Covelo, Fornelo de Montes, Mondariz e Mondariz-Balneario, agrupación de concellos	PO	Remolque de emerxencias
P3602600C	Marín	PO	Embarcación
P3602900G	Moaña	PO	Todoterreo pick-up
P3604100B	Poio	PO	Remolque de emerxencias
P3604400F	Pontecesures	PO	Baúl
P3603900F	Porriño, O	PO	Remolque de emerxencias
P3604000D	Portas	PO	Remolque de emerxencias
P3604500C	Redondela	PO	Remolque de emerxencias
P3605600J	Valga	PO	Embarcación
P3606000B	Vilagarcía de Arousa	PO	Baúl

